

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 14-04-2023, ditou a resolución con número 977/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN TÉCNICO ORIENTACIÓN LABORAL. MODIFICACIÓN DAS BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS A DESENVOLVER POLOS SISTEMAS DE CONCURSO E DE CONCURSO-OPOSICIÓN CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE CARBALLO INCLUÍDAS NA OEP DE 2022 (PRAZA DE TÉCNICO DE ORIENTACIÓN LABORAL (Expte. 2022/E001/000035)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 3600/2022, de 28/11/2022, aprobáronse as bases xerais e bases específicas e convocatoria para a selección das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021, bases que foron publicadas no BOP de A Coruña núm. 229 do 2 de decembro de 2022. Asemade o anuncio da convocatoria publicouse no BOE núm. 301 de 16 de decembro de 2022.

No resolutivo segundo da citada resolución, apartado **I.A.- Sistema Concurso (DA 6ª Lei 20/2021) inclúese, entre outras, a seguinte praza:**

A) POR SISTEMA DE CONCURSO (acceso libre, DA 6.ª Lei 20/2021): Prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de maneira ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016.

Funcionarios de carreira:

GRUPO	CLASIFICACIÓN	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	TITULACIÓN ESIXIDA	CELGA OU EQUIVALENTE
A2	Escala Administración Especial. Subescala Técnica. Clase Técnicos Medios	2	Técnico orientación laboral	Educación social, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía	Celga 4

Segundo.- Con rexistro de entrada núm. 20229990005755, do 23/12/2022, o Colexio Oficial de Psicología de Galicia, interpuxo recurso de reposición fronte á Resolución da Alcaldía núm. 3600/2022, de 28/11/2022 pola que se aprobaron as bases xerais e bases específicas e convocatoria das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización”. O obxecto do recurso foi que entre as titulacións académicas esixidas como requisitos dos aspirantes para tomar parte no proceso selectivo para o acceso á praza de Técnico de orientación laboral (Grupo A2, Escala, Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Medios) se incluíse aos titulados en Psicología.

Terceiro.- Con rexistro de entrada núm. 202399900000224 e 202399900000225, do 13/01/2023 Dña. ISRECA, solicitou, unha modificación nas bases de acceso á praza de orientador/a laboral e que se ampliase as titulacións para o acceso ao proceso selectivo engadindo a de diplomado/a en Graduado/a Social, Relacións Laborais ou Licenciado/a en Ciencias do Traballo.

Cuarto.- Por Resolución número 734/2023 de 21/03/2023 estimouse o recurso potestativo de reposición presentado polo Colexio Oficial de Psicología de Galicia, e, en consecuencia, acordouse a modificación das bases reguladoras e incluír a titulación de licenciado/a ou graduado/a en Psicología entre as esixidas para tomar parte no proceso selectivo a desenvolver polo sistema de concurso na selección de 2 prazas de de Técnico en orientación laboral, pertencente ao Grupo A2, Escala, Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Medios.

Así mesmo, na dita resolución acordouse a publicación da citada modificación das bases no BOP e no BOE, coa apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes de participación para aquelas persoas que contan coa titulación de licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía.

Quinto.- Por Resolución número 781/2023 de 24/03/2023, estimouse o recurso potestativo de reposición presentado por Dña. ISRECA en base aos motivos que obran na parte expositiva da dita resolución no sentido de ampliar as titulacións coas que se poida acceder ao proceso selectivo para as prazas de orientador/a laboral, e incluír as de diplomado en Graduado/a Social, Relacións Laborais ou Licenciado/a en Ciencias do Traballo.

Así mesmo, na dita resolución acordouse a publicación da citada modificación das bases no BOP e no BOE, coa apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes de participación para aquelas persoas que contan coas titulacións de diplomado en Graduado/a Social, Relacións Laborais ou Licenciado/a en Ciencias do Traballo.

Á vista do anterior e das súas conclusións, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución da Alcaldía núm. 3600/2022, de 28/11/2022, pola que se aprobaron as bases xerais e bases específicas e convocatoria para a selección das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021 (publicación no BOP de A Coruña núm. 229 do 02/12/2022 e anuncio da convocatoria no BOE núm. 301 do 16/12/2022), no que se refire ás condicións de admisión dos/as aspirantes ás prazas de **Técnico de orientación laboral**, que quedará como segue:

ANEXO: BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN AS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS SELECTIVOS A DESENVOLVER POLOS SISTEMAS DE CONCURSO E DE CONCURSO-OPOSICIÓN CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE CARBALLO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022.

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

A.- Sistema Concurso (DA 6ª Lei 20/2021) inclúese a seguinte praza:

A) POR SISTEMA DE CONCURSO (acceso libre, DA 6.ª Lei 20/2021): Prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de maneira ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016.

Funcionarios de carreira:

GRUPO	CLASIFICACIÓN	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	TITULACIÓN ESIXIDA	CELGA OU EQUIVALENT E
A2	Escala Administración Especial. Subescala Técnica. Clase Técnicos Medios	2	Técnico de de orientación laboral	Educación social, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía, Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía, Diplomado en Graduado/a Social, Relacións Laborais ou Licenciado/a en Ciencias do Traballo	Celga 4

Segundo.- Acordar a publicación desta modificación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Terceiro.- Abrir un novo prazo de presentación de instancias de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da nova convocatoria no Boletín Oficial do Estado, trala publicación no BOP desta modificación.

Este novo prazo de presentación de instancias unicamente se abre **para aquelas persoas que estean en posesión das titulacións de Licenciado/a ou graduado/a en Psicoloxía e as de**

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000035
Exp. 2023/G003/000994

Diplomado en Graduado/a Social, Relacións Laborais ou Licenciado/a en Ciencias do Traballo.

Os/as aspirantes que teñan presentado solicitude de participación dentro do prazo inicial de presentación instancias, aberto coa publicación no BOE do 16/12/2022 do anuncio da convocatoria, non precisan reiterar a instancia, salvo renuncia expresa.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO EN MATERIA DE PERSOAL

APELIDOS	
NOME	
NIF	
DATA DE NACEMENTO	
NACIONALIDADE	
ENDEREZO POSTAL (vía, número, concello, provincia, código postal)	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

1. SOLICITA ser admitido/a no procedemento selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, dúas prazas de **Técnico de orientación laboral** no marco do proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal derivado da OEP 2022 adicional de estabilización, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. (...), do (...).

2. DOCUMENTACIÓN QUE AXUNTA

- Documento Nacional de Identidade ou equivalente
- Titulación académica esixida
- Título CELGA esixido ou superior, ou certificados equivalentes consonte á normativa vixente.
- Xustificante de pagamento da taxa aplicable no respectivo proceso selectivo.
- Documentación acreditativa dos méritos avaliados na fase de concurso:
 - Experiencia profesional:
 - Informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral de la Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados.
 - Certificado ou documento que corresponda, segundo proceda, dos servizos prestados, con indicación da especialidade e categoría profesional, data de inicio e finalización
 - Formación:
 - Diplomas ou documentos acreditativos da asistencia e/ou aproveitamento a cursos de formación, académica e complementaria, e perfeccionamento.

3. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000035
Exp. 2023/G003/000994

· Non ter sido separado de servizo mediante expediente disciplinario de calquera Administración Pública ou estar inhabilitado para o exercicio da función pública. No caso de que non teña a nacionalidade española, declaro non estar sometido/a a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no meu Estado de procedencia o acceso á función pública.

· Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza convocada.

· Reunir os restantes requisitos e condicións esixibles previstos nas bases reguladoras para poder tomar parte no proceso selectivo.

Idioma de exame:

Carballo, de de 2023

(SINATURA)

AO SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Información básica sobre protección de datos

Acepto a política de privacidade e protección de datos.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); lopd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é Norquality consultores S.L.. có que poderá contactar en lopd@carballo.gal. Os datos serán utilizados relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello De Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lopd@carballo.gal ” ”.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto